

**ASUNTO: ACEPTANDO RENUNCIA A PARTICIPAR NO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS, NOMEANDO NOVO MEMBRO DE DITO TRIBUNAL E CONVOCANDO PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN**

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2020 se aprobaron as BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NO GRUPO C, SUBGRUPO C2.

Que por decreto da alcaldía de data 01/09/2020 se nomeou o tribunal do proceso selectivo e que por decreto da alcaldía de data 13/11/2020 se substituíu a aqueles membros que se atopaban en causa de abstención ou incompatibilidade.

E visto o escrito de dona María Luisa Quiroga Dapena renunciando á participar no tribunal do proceso selectivo que nos ocupa.

Resulta necesario nomear outro/a membro do tribunal para que a substitúa e proceder á convocatoria do primeiro exercicio da fase de oposición.

Polo exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia de dona María Luisa Quiroga Dapena e proceder a nomear outro/a membro do tribunal que a substitúa, dona Isabel Villamor González, xefa do servizo de desenvolvemento local do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Quedando o tribunal logo dos cambios efectuados do seguinte modo:

Presidente/a: D. José Domingo Rodríguez Ferreira (Xefe do servizo de contratación e fomento da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo).

Suplente: Dona Sonia Rois Fernández. ( Funcionaria do Concello de Monforte)

Secretario/a: Dona María Esther Álvarez Martínez, (Secretaria Xeral da Excelentísima Deputación de Lugo, Funcionario con Habilitación Nacional).

Suplente: Don Manuel Vázquez Fernández ( Funcionario con Habilitación Nacional).

Vogais:

Titular: Dona Cristina Prada Rey. ( Funcionaria do Concello de Monforte)

Suplente: Don Juan Carlos Prado Díaz( Persoal laboral fixo do concello de Monforte)

Titular: Dona Isabel Villamor González, xefa do servizo de desenvolvemento local do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Luisa Pallares Álvarez. ( Funcionaria do Concello de Monforte)





Titular: Dona Ana Losada Real ( Adxunta do servicio de selección e servizos humanos da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo)

Suplente: Don Carlos Rodríguez Fernández. (Persoal laboral fixo do Concello de Monforte)

TERCEIRO.- Contra este acto, por ser de trámite, non cabe recurso algún, sen prexuízo dos que se desexen interpor.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público.

CUARTO.- Convocar ós/as aspirantes admitidos definitivamente no proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o vindeiro, mércores, día 13 de xaneiro de 2021, as 10:00 horas nas instalacións do Polideportivo Municipal de a Pinguela, Estrada de Sober S/Nº ( xunto á piscina municipal).

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario

